

TEMPO DE DÚBIDAS

Ricardo Martínez-Conde proponnos, en *O silencio das árbores*¹, acoller a vivencia consciente dun outono que xa está a cercarnos, volver ó bosque e, conforme as árbores se van repregando no silencio da espidez, reflexionar sobre a propia vida. Só así, despois dunha renovación catártica, será posible sobrevivir á dureza invernal e acoller a benzón dunha primavera esplendorosa

Chamará o agre sentimento da soidade

e iso ocorrerá

antes que os días claros favorezan

a beleza da auga.

A estadía no bosque permítelle ó eu poético o contacto cunha natureza en perpetua rexeneración, simbolizada nas árbores que perseguen a elevación celestial desde a escuridade subterránea. Microcosmos en si mesma, a árbore amosa a evolución continua e permite ir ascendendo desde o máis baixo -a materia- ata o máis alto -o espírito. Así a arboreda é o lugar propicio para a reflexión pero tamén un ámbito onde sufrir máis duramente o gume da soidade

É relativamente sinxelo chegar ata as árbores,

ata a súa altura indiferente.

Agora ben, ¿non é alí onde queda máis salientable

o baleiro, a desprotección?

As dúbidas e a indecisión cercan ó eu poético nun cárcere imaxinario deixándoo exposto ó poder brutal dunha natureza que o manipula. Sentimentos de angustia, de soidade e o eterno agardar dun amor que nunca se amosa como apreixable, van ferindo ó eu poético que deixa aflorar entón o seu parecido coa árbore na pasividade con que ambos agardan o novo despertar da primavera. Sabemos entón que son seres expostos ó goberno das forzas cósmicas e desposuídos da máis mínima posibilidade racional de alterar o seu devalar cíclico

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1995

*A árbore só ten a consciencia
do vento libre,
da auga queda,
da harmonía.
Non ten máis responsabilidade
nin consciencia que esa.*

O eu séntese ameazado na incertidume de non saber se está no camiño correcto. Amósase desorientado polo paradoxo que conleva calquera presenza, esa dualidade que implica que *"un día de luz nas follas do Outono/ pode ser tamén un día/ mudo e agre"*. Carécese de algo inmutable a que aferrarse, nada perdura pois os cambios son constantes e esta metamorfose continua do entorno fire ó eu poético co recordo da súa propia decadencia. É a consciencia dunha fin inexorable e próxima a mensaxe que lle envía a natureza ó eu cada inverno *"Pasan os anos e un vaise/ achegando á beira,/ facéndose da terra"*. Advertencia cruel contra a que só se pode loitar recurrido ás armas dun amor incondicional que non ten visos de ser algún día vivido.

*¿Quererá ela, nembargantes, algún día,
que non sexa inútil o meu amor?*

Desde o bosque, conforme avanza o outono, o eu vaise desprazando -por medio do río arquetípico- cara o mar dos nacementos e catarses, onde rexurdir na primavera. Mórrese no mar para volver á vida depurado de incertidumes e cunha renovada consciencia da propia realidade *"(Cada día confío na convicción,/ como fai o río no outono,/ de acadar unha vinculación,/ unha identidade)"*. A auga confórmase como elemento primaveral por excelencia pois é esa a estación da xerminación, mais, antes de mergullarse no "desexo mariño", debe o eu pagar un óbolo ó mar polos seus «servizos»:

*O mar esixe,
como as altas terras,
o seu tributo de melancolía*

A vivencia marítima do inverno é esperanzadora e breve pois o mar, coas súas augas en continuo movemento, comporta un estado transitorio en constante e rápida evolución. Pola contra, a árbore conleva, na súa natureza estática, un evoluir máis lento, un espirse demoradamente das follas que pulsaban a "música da certidume" para acoller o silencio propicio á introspección outonal. As leis cósmicas obrigan ó abandono do bosque por parte de calquera elemento perturbador deste mutismo: o aire, as aves... e o eu vén habitar un ámbito hermético a distorsións exteriores:

Outono quiere decir

significados para a identidade:

a sombra é doce,

o ar é leve,

as aves migratorias reconstrúen con elegancia

a gravidade da súa cerimonia...

Xa renovado, efectuada a dolorosa pero necesaria catarse de cada inverno, poderá o eu poético agardar unha nova chamada da terra. Volverá, desde o mar, ó bosque para poboalo de sons que rompan o silencio outonizo, acender o lume da vida e escoitar ós códigos primixenios, esas mensaxes do antergo que devalan na noite:

Cando pase o último paxaro

camiño do Sur

prenderei o lume:

a noite sempre ten algo

que dicir.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 696, 19-10-1995, p. 24